

(Boletín Oficial da Provincia, nº 271, 26 de novembro de 2002)

## **O BARCO DE VALDEORRAS**

### **ANUNCIO**

Unha vez aprobado definitivamente, ó non presentaren reclamacións no período de exposición pública, o “Regulamento de funcionamento do Rexistro Municipal de Licitadores do Concello do Barco de Valdeorras”, publícase o texto íntegro, de conformidade co disposto no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

O Barco de Valdeorras, 14 de novembro de 2002. O alcalde. Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

### ***Regulamento de funcionamento do rexistro municipal de licitadores do Concello do Barco de Valdeorras.***

#### **Exposición de motivos**

O artigo 149.1.18º da Constitución española, atribúelle ó Estado a competencia exclusiva para promulgar-la lexislación básica sobre contratación administrativa. Ademais, o feito de pertencer á Unión Europea esixe a adecuación da nosa lexislación interna ó ordenamento xurídico comunitario recollido na materia de contratación en diversas directivas sobre contratos de obras, subministracións e servizos, precisamente pola súa especial transcendencia. O artigo 4º.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, concordantes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, o RD

2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establecen que o municipio goza de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses; na súa calidade de administración pública de carácter territorial, dentro da esfera das súas competencias, correspóndelle en todo caso as “potestades regulamentarias e de auto organización”. Co fin de dar cumprimento ós principios de eficacia, coordinación, eficiencia e servizo á cidadanía previstos na lexislación reguladora do procedemento administrativo común, facilita-los trámites necesarios e garanti-la transparencia a contratación administrativa municipal

e o respecto ós principios de igualdade, non discriminación e liberdade de concorrência, procédese á creación do presente Rexistro Municipal de Licitadores.

#### **Título primeiro.- Disposicións xerais.**

Artigo 1.- Obxecto.

O Rexistro Municipal de Licitadores do Concello do Barco de Valdeorras ten como obxecto facilitar e dar cumprimento ó principio de concorrência e axiliza-la tramitación dos procedementos administrativos, formando parte deste unha relación de documentos dun conxunto de persoas físicas e xurídicas interesadas en contratar co concello, así como das prestacións derivadas da súa actividade empresarial.

Artigo 2.- Natureza.

O rexistro ten natureza administrativa e voluntaria, non sendo un requisito necesario para concorrer ós procedementos administrativos convocados polo concello.

### Artigo 3.- Organización.

O Rexistro Municipal de Licitadores intégrase na Secretaría Xeral do Concello, dentro do Servizo de Contratación, ó que lle corresponderá a súa organización e mantemento.

### Artigo 4.- Finalidades.

O Rexistro Municipal de Licitadores terá as seguintes finalidades:

- a) A inscrición nel das persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que o soliciten, nas que concorran as circunstancias que se dispoñen no presente regulamento.
- b) A utilización e custodia da documentación entregada polos licitadores que sexan inscritos no rexistro, así como a súa actualización continua.
- c) A utilización dun conxunto de información proporcionada polos licitadores interesados, que permitan axiliza-la xestión do concello en materia de contratación, así como o acceso á información contida nel polos respectivos servizos administrativos e interesados en xeral.
- d) Expedición de certificacións dos datos e documentos contidos no rexistro por pedimento dos licitadores, para a súa participación nos procedementos de contratación que se promovan polos órganos competentes do concello.
- e) Informa-la solicitude de parte ou de oficio, ós órganos de contratación municipal así como ós servizos administrativos competentes, dos datos que consten no rexistro en relación cun procedemento contractual concreto.

### Artigo 5.- Ámbito.

O Rexistro de Licitadores estenderá a súa eficacia ás licitacións referidas ós contratos administrativos de obras, xestión de servizos públicos, subministracións, de consultoría e asistencia, e de servizos, e de calquera outro contrato de natureza administrativa que realice o Concello do Barco de Valdeorras.

### Artigo 6.- Eficacia.

Os licitadores que pretendan contratar co Concello do Barco, que se adhiran ó rexistro, quedarán dispensados de presentar nos procedementos contractuais a documentación que se presentase no rexistro e depositada nel, sempre que cando se encontre debidamente actualizada e o poña de manifesto ó órgano competente en tempo e forma, mediante declaración xurada facendo constar que os datos a el referentes que constan no dito rexistro non variarán. Os licitadores inscritos no rexistro unicamente deberán achegarlles ás proposicións, respecto daquela documentación que conste correctamente depositada nel, a certificación expedida pola Secretaría Xeral, a proposta do funcionario encargado do Rexistro Municipal de Licitadores, que producirá plenos efectos ante a mesa de contratación ou persoas que deban realiza-la proposta de resolución.

## **Título segundo.- Instrumentos que forman parte do rexistro.**

### Artigo 7.- Contido da base de datos e o arquivo de documentación.

O rexistro estará formado por unha base de datos e os arquivos de documentación incorporada polos licitadores. Na base de datos faranse consta-los seguintes extremos:

#### a) Identificación da persoa xurídica:

nome ou denominación social da empresa, número ou código de identificación fiscal, domicilio social, número de teléfono, enderezo de correo electrónico, fax da empresa.

- b) Identificación das persoas físicas capacitadas legalmente para obrigar á empresa: nome, apelidos e DNI.
- c) Obxecto da actividade empresarial.
- d) Número de asento, sección no que se inscribe e data de outorgamento da inscrición no rexistro.
- e) Relación de documentación presentada para a súa inscrición.
- f) Incidencias e modificación no contido do rexistro.
- g) Observacións.

#### Artigo 8.- Estrutura do rexistro.

O rexistro estrutúrase, polo obxecto da actividade empresarial, nas seguintes seccións:

- a) Execución de obras.
- b) Xestión de servizos públicos.
- c) Subministracións, compras ou adquisicións.
- d) Consultoría e asistencia.
- e) Servizos.
- f) Outras.

A cada empresa inscrita no rexistro asignaráselle un código identificativo, que se compoñerá de dúas partes:

- a) A sigla indicativa da sección do rexistro no que a empresa resulte inscrita.
- b) O número do asento do rexistro correspondente á empresa, integrado polo número de orde cronolóxica da inscrición dentro do ano no que esta se outorgue e os dous últimos da cifra do citado ano.

#### **Título terceiro.- Funcionamento do Rexistro Municipal de Licitadores.**

##### Artigo 9.- Requisitos para a inscrición.

Os licitadores que desexen a súa inscrición deberán presentar no rexistro de licitadores, para o seu arquivo e custodia, a documentación seguinte, achegando a instancia en modelo oficial, debidamente cuberta e subscripta por persoa facultada:

a) A capacidade de obrar das empresas que fosen persoas xurídicas acreditarase mediante escritura de constitución e de modificación, de se-lo caso, debidamente inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible respecto á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fosen, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante escritura ou documento de constitución, de modificación dos estatutos ou acto fundacional, no que se constasen as normas polas que se regula a súa actividade, inscrito, de se-lo caso, no correspondente rexistro oficial. Para os empresarios individuais será obrigatoria a presentación do DNI ou o que, de se-lo caso, o substitúa regulamentariamente.

Cando se trate de empresarios non españois de estados membros da Unión Europea ou empresarios que os seus estados non pertencen ó devandito ente supranacional, presentarán para a súa inscrición no Rexistro Municipal de Contratistas a documentación que dispón o Real decreto legislativo 2/2000, para acreditar a súa capacidade de obrar.

b) Apoderamento en escritura pública inscrita no Rexistro Mercantil ou, se é o caso, nos seus estatutos, ou no rexistro legal correspondente, que teña valor xeral para actuar en calquera

procedemento de contratación ante o Concello do Barco, debidamente verificado polos servizos xurídicos deste.

c) Documento acreditativo de clasificación para os casos de que deba ser esixida conforme ó disposto no artigo 25 do RD Lex. 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, tendo en conta os límites establecidos neste precepto ou que se poidan sinalar no futuro polo Ministerio de Economía. Así mesmo deberá acompañarse copia compulsada do documento nacional

de identidade da persoa que compareza ou asinen proposicións no nome doutros.

d) Os empresarios ou empresas que non posúan clasificación anexarán, sen prexuízo de que nalgunha licitación en concreto se esixan outros medios para acreditar a dita solvencia:

1.- Acreditación da solvencia económica ou financeira:

- Informe de institucións financeiras ou, de se-lo caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Contas anuais referidas ó exercicio económico anterior ó do ano de presentación da solicitude de inscrición no rexistro.
- Declaración relativa á cifra de negocio global dos traballos realizados pola empresa no curso dos tres últimos anos.
- Declaración relativa á cifra de negocio global dos traballos realizados pola empresa no curso dos tres últimos exercicios.

2.- Acreditación da solvencia técnica:

- Títulos académicos e experiencia do empresario e dos cadros da empresa e, en particular, dos responsables da execución das prestacións, de se-lo caso.
- Relación de obras, subministracións, servizos, etc..., executados no curso dos dous últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución.
- Declaración na que indique maquinaria, material e equipo técnico do que dispón o empresario para a execución dos contratos.
- Declaración na que indique os efectivos persoais, medios anuais da empresa e a importancia dos seus equipos directivos durante os tres últimos anos.
- Declaración na que indique os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, do que esta dispoñía para a execución dos contratos.

a) Certificación administrativa, testemuño xudicial ou declaración responsable do licitador outorgada ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, de non estar incurso nas prohibicións de contratar coa administración, sinaladas no artigo 20 do RD Lex. 2/2000, dentro da cal se inclúa a circunstancia de estar ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Toda a documentación que presentarán os licitadores será documentación orixinal ou ben copias que teñan o carácter de auténticas ou estean compulsadas conforme á lexislación vixente na materia. Poderanse achegar outros documentos, estudos, memorias ou información particular ou xeral que crea conveniente o solicitante.

Artigo 10.- Aprobación das inscricións.

As inscricións de empresas ou de empresarios no Rexistro de Licitadores, unha vez presentada a solicitude, acompañada da documentación correspondente, acordaranse, tralo informe o Servizo de Contratación, mediante resolución da Alcaldía, debendo serlles notificada ós interesados.

#### Artigo 11.- Falsidade de datos.

A falsidade dos datos ou documentos achegados polo interesado que consten no rexistro, dará lugar á súa exclusión, deixándose anotación de constancia para os efectos oportunos, sen prexuízo doutras responsabilidades a que dera lugar.

#### Artigo 12.- Modificación e comprobación de datos.

O Servizo de Contratación poderá requiririlles de oficio, cando o estime pertinente, ás empresas e empresarios inscritos ou pendentes de inscrición, para os efectos de comprobación dos datos rexistrados e da súa vixencia, así como revisar periodicamente o referido rexistro. As empresas ou empresarios inscritos quedan obrigados a poñer en coñecemento do Rexistro Municipal de Licitadores, inmediatamente de producidas, calquera alteración ou modificación que afecte á escritura de constitución ou modificación, estatutos ou acto fundacional presentados, o poder para actuar no seu nome e a clasificación que posúa, así como calquera outra circunstancia que modifiquen os datos achegados no rexistro. Para iso terase en conta a caducidade das certificacións sobre clasificación que establece a normativa sobre contratos administrativos. As empresas e empresarios inscritos que non dispoñan de clasificación de contratistas, deberán actualizar, anualmente, tódolos documentos achegados ó rexistro no seu día, para xustificar a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, cos datos correspondentes ó exercicio anterior sen prexuízo de achegar novos datos ou modificación dos existentes cando afecten a algún contrato en concreto ó que pretendan licitar.

#### Artigo 13.- Suspensión e anulación das inscricións.

A Alcaldía, a proposta do Servizo de Contratación encargado do Rexistro Municipal de Licitadores, co visto e prace da Secretaría Xeral e trala formación do expediente con audiencia do interesado, poderá dispoñer a suspensión temporal ou a anulación definitiva da inscrición do contratista, do que os datos se atopen incurso en notoria falsidade, conteñan inexactitudes relevantes ou que non realizara as comunicacións preceptivas establecidas nas presentes normas para os efectos de actualización da inscrición. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, se se apreciase a concorrencia das causas de prohibición de contratar previstas no artigo 20 do RD Lex 2/2000, do 16 de xuño, actuarase conforme co procedemento que se dispón na normativa regulamentaria en vigor.

#### Artigo 14.- Certificacións.

As certificacións expediranse no prazo máximo de 5 días e non terán un prazo de validez superior ós documentos que se inclúan na certificación. As certificacións dos datos que constan no Rexistro Municipal de Licitadores expediranse, en calquera caso, sobre a base da exactitude e veracidade daquel e para os únicos efectos que nelas se fagan constar, non orixinando dereitos nin expectativas de dereitos a favor dos solicitantes nin de terceiros.

#### Artigo 15.- Interpretación e xurisdición competente.

As discrepancias sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos das inscricións no Rexistro Municipal de Licitadores deste Concello serán resoltas pola Alcaldía, resolucións que porán fin á vía administrativa.

Sen prexuízo do exposto anteriormente, correspóndelle á xurisdición contencioso-administrativa a competencia para coñecer tódalas cuestións litixiosas que xurdan ou se deriven da aplicación deste regulamento, ou que se refiran á súa interpretación, modificación, resolución e efectos.

#### **Disposición final.**

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte a aquel en que se publique integramente no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, mantendo a súa vixencia en tanto non sexa modificado ou derogado expresamente. Dende a data de entrada en vigor, os interesados poderán solicita-la súa inscrición no Rexistro de Licitadores do Concello do Barco de Valdeorras.

O Barco de Valdeorras, 14 de agosto de 2002. Asdo. Alfredo L. García Rodríguez.

Dilixencia: o presente “Regulamento de Funcionamento do Rexistro Municipal de Licitadores do Concello do Barco de Valdeorras” foi aprobado definitivamente consonte co artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

O Barco de Valdeorras, 14 de novembro de 2002. O secretario accidental.